



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Prácticum 1	Código	750G02033	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Alonso Tajés, Francisco	Correo electrónico	francisco.alonso.tajes@udc.es	
Profesorado	Alonso Tajés, Francisco Bernabeu Pena, Carolina Bernabeu Piñeiro, Francisco Carballo Díaz, Juan Luis García Sanchez, María Matilde Lopez Lopez, Luis López Martínez, Noemia Zeltia Martínez Vázquez, María Monteagudo Sánchez, Beningo Pérez García, Sergio Romero Soto, Manuel Rosende Bautista, Carolina Santalla Borreiros, Fátima	Correo electrónico	francisco.alonso.tajes@udc.es carolina.bernabeu@udc.es francisco.bernabeu@udc.es juan.carballo1@udc.es matilde.garcia@udc.es luis.lopezl@udc.es zeltia.lopezm@udc.es maria.martinez.vazquez@udc.es benigno.monteagudo.sanchez@udc.es sergio.perez.garcia@udc.es manuel.romero.soto@udc.es carolina.rosende@udc.es f.santalla@udc.es	
Web	moodle.udc.es			



Descrición xeral	<p>O Prácticum consiste en prácticas clínicas que se desenvolverán principalmente na Clínica Universitaria de Podoloxía da Universidade da Coruña co fin de desenvolver as competencias que permitan ao alumnado incorporar á súa formación as competencias fundamentais e os valores profesionais para o exercicio da profesión podolóxica. Estas prácticas clínicas inclúen a participación do alumnado no proceso de atención podolóxica integral con pacientes reais, sempre baixo a supervisión dun profesional que guiará ao alumnado no proceso da aprendizaxe clínica. Tamén se desenvolverán outras actividades en forma de seminario ou sesións clínicas nas que se abordarán contidos e competencias relacionadas coa práctica clínica como o estudo e discusión de casos clínicos, interpretación de probas complementarias ou realización de informes.</p> <p>Para cursar as materias do Prácticum os alumnos/as deben de obter previamente 90 créditos da primeira metade do plan de estudos, de entre os cales deben de obter obrigatoriamente os correspondentes ás materias de: Podoloxía Xeral, Biomecánica do membro inferior, Ortopodoloxía 1 e Ortopodoloxía 2, Quiropodoloxía 1 e Quiropodoloxía 2.</p> <p>Os contidos que se desenvolverán no Prácticum I son: Método clínico en podoloxía. Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida. Técnicas de exploración física. Actividades radiolóxicas propias da podoloxía. Probas complementarias e a racionalización do seu uso. Diagnóstico e prognóstico. Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. Protocolos: execución e avaliación. Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. Elaboración e interpretación de informes clínicos. Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica. Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes. Calidade asistencial na práctica da podoloxía. Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas</p>
-------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A36	Integrar e aplicar na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante la carrera, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados.
A37	Protocolizar e aplicar o método clínico en podoloxía.
A38	Realizar a historia clínica podolóxica e rexistrar a información obtida.
A39	Desenvolver as técnicas de exploración física.
A40	Desenvolver a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.
A41	Interpretar os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.
A42	Emitir un diagnóstico e pronóstico.
A43	Deseñar o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.
A46	Desenvolver a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.
A47	Aplicar as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.
A48	Desenvolver as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais.
A49	Establecer intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.
A50	Prescribir, administrar e aplicar tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e quirúrxicos.
A51	Elaborar e interpretar informes clínicos.
A55	Garantir a calidade asistencial na práctica da podoloxía.
A60	Integrar os coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes adquiridos durante o itinerario curricular do alumno.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.



B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B12	Capacidade de xestión da información.
B13	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar.
B14	Implicación na calidade e busca da excelencia.
B16	Capacidade de organización e planificación do tempo e o traballo.
B18	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados, para o desenvolvemento da profesión podolóxica tanto en centros públicos como privados	A36 A60		C4
Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía, desenvolvendo a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos	A37 A60	B2 B14 B16	
Realiza a historia clínica podolóxica e rexistra a información obtida; coñece e manexa os sistemas de rexistro de datos clínicos utilizados no proceso de atención podolóxica para o diagnóstico, tratamento e seguimento dos pacientes	A38	B7 B12	C3
Desenvolve as técnicas de exploración física adaptada ao motivo de consulta e ao diagnóstico de sospeita	A39	B2 B16 B19	
Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.	A40	B13 B14	
Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.	A41	B13 B19	
Emite un diagnóstico e prognóstico, mediante a análise dos resultados de todas as probas realizadas ao paciente (anamnesis, probas físicas e complementarias)..	A41 A42	B2 B14 B18 B19	
Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico para unha intervención terapéutica eficaz das afeccións dos pacientes, valorando todas as posibles opcións dos diferentes campos terapéuticos podolóxicos	A43 A50 A55 A60	B2 B3 B6 B19	
Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos, aprendendo a manexar o instrumental quiropodolóxico así como os materiais terapéuticos ortoprotésicos e a maquinaria empregados para a fabricación e aplicación de tratamentos ortoprotésicos podolóxicos, e os equipos terapéuticos para a aplicación da terapia física	A46 A55	B14 B19	
Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia propia, mantendo actualizados os coñecementos e técnicas para a súa aplicación	A47	B2 B5 B13	
Desenvolve as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.	A48 A49	B7 B18	C3



Elabora e interpreta informes clínicos como parte do rexistro documental da clínica para o intercambio de información tanto co paciente como con outros profesionais	A49 A51	B7 B12 B18	C3
Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía, avaliando os resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica	A55 A60	B6 B14	C4
O alumno/a é capaz de seleccionar información, analizala e avaliála para redactar, expor e defender un informe científico, fomentando a lectura crítica de artigos científicos e a asistencia a sesións clínicas, cursos, xornadas e congresos co fin de manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.	A60	B6 B14	C3 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Método clínico en podoloxía. Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida. Técnicas de exploración física. Actividades radiolóxicas propias da podoloxía. Probas complementarias e a racionalización do seu uso. Diagnóstico e prognóstico. Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. Protocolos: execución e avaliación. Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. Elaboración e interpretación de informes clínicos. Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica. Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes. Calidade asistencial na práctica da podoloxía. Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas	Todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o segundo cuatrimestre do 3er curso de grao son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno que cursa a materia de Prácticum I, a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias, formando parte da avaliación da práctica clínica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A48 A49 A51 B5 B6 B12 C3 C4 C5	0	58	58
Prácticas clínicas	A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A46 A47 A50 A55 A60 B2 B3 B7 B13 B14 B16 B18 B19	240	0	240
Atención personalizada		2	0	2



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	<p>Esta parte do Prácticum I consistirá no desenvolvemento de competencias relacionadas coa xestión documental clínica (elaboración da historia clínica, interpretación de probas complementarias, elaboración de informes, etc.) para o desenvolvemento de competencias como emitir un diagnóstico e un prognóstico, interpretar os resultados das probas complementarias ou manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes, mediante a lectura crítica e a discusión de publicacións científicas.</p> <p>Para o curso 2018/2019 as actividades que conformarán o portafolio do alumno/a serán:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Elaboración dun vídeo tutorial como ferramenta de transferencia de coñecemento dirixido a estudantes e profesionais da podoloxía 2. Cumprimentar a actividade do Seminario de actuación en situacións de emerxencia e administración de medicamentos <p>Todas as actividades proporáanse na plataforma Moodle e estarán dispoñibles ao comezo do cuadrimestre no que se cursa o Prácticum I. Especificarase para cada actividade o obxectivo/s, proporcionando información do formato ou modelo a seguir, os apartados a cubrir, de ser o caso, a extensión mínima/máxima da actividade (de ser oportuno) ou a documentación ou referencias necesarias para realizar a actividade. Establecerase unha data límite común para a entrega de todas as actividades.</p>
Prácticas clínicas	<p>As prácticas clínicas consisten na participación gradual e supervisada do alumnado no proceso de atención podolóxica integral cos pacientes reais que sexan atendidos polos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía e nos servizos hospitalarios de Dermatoloxía. O alumno/a participará de forma activa, sempre baixo supervisión, en todo o proceso de atención clínica: a xestión de datos clínicos; a exploración física e a xestión de probas complementarias e interpretación das mesmas; o diagnóstico, a prescrición, indicación, obtención e/ou aplicación dos diferentes tratamentos, así como o seguimento das afeccións tratadas e a súa evolución. Atendendo á participación gradual do alumno/a en a práctica, estableceranse actividades relacionadas coas competencias a adquirir nas que quedará delimitado se o alumno/a deberá saber facer con competencia, saber facer baixo supervisión e instrución, ou soamente coñecer o procedemento mediante a observación da súa realización por parte do profesor/a.</p> <p>Ao comezo do Prácticum I o alumno/a disporá a través da plataforma Moodle dun documento baixo o nome de "ANEXO Á GUÍA DOCENTE DO PRÁCTICUM I", no que atopará información específica e detallada sobre os obxectivos, contidos e competencias a adquirir durante as prácticas clínicas e o seu grao de adquisición, a composición dos grupos, os titores/as asignados a cada grupo, e o cronograma cos rotatorios de prácticas dos diferentes servizos así como o calendario das probas prácticas de cada rotatorio.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	<p>A atención personalizada desenvolverase mediante concertación de cita previa co alumnado, quedando esta supeditada á dispoñibilidade dos horarios tanto do alumnado (aspecto este prioritario) como do profesor/a. Por tanto, de forma programada, a atención personalizada poderá desenvolverse de forma presencial, de ser requirida e/ou pertinente, na localización indicada e os horarios de atención ao alumnado que se recollen na plataforma da UDC para a indicación de "As miñas titorías", ou de forma virtual, sendo atendidas as titorías por correo electrónico ou a través doutros medios telemáticos que permita a plataforma virtual, como as mensaxes de Moodle, ou outras vías como a telefónica ou a videoconferencia.</p>



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	------------------------------	------------	---------------



<p>Prácticas clínicas</p>	<p>A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A46 A47 A50 A55 A60 B2 B3 B7 B13 B14 B16 B18 B19</p>	<p>A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria para todo o alumnado independentemente da súa modalidade de matrícula.</p> <p>Poderase optar a superar o Prácticum I con ausencias xustificadas baixo os seguintes supostos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Un máximo de 3 ausencias xustificadas sen penalización na cualificación2. Desde a 4ª á 7ª ausencia xustificada penalizarase con 0.25 puntos por ausencia na cualificación da avaliación continua do rotatorio no que se produza a ausencia <p>* Non computarán como faltas aquelas actividades formativas (xornadas, congresos ou cursos) que, estando previstas e organizadas pola UDC, teñan interese formativo para o alumnado do Prácticum I.</p> <p>A partir de 8 faltas xustificadas (incluída a 8ª) ou de calquera número de faltas sen xustificar, non se poderá optar a superar o Prácticum na matrícula do curso corrente.</p> <p>A motivación xustificada das faltas será a contemplada para os procesos de avaliación no artigo 12 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario, aprobada polo Consello de Goberno da UDC.</p> <p>Calquera suposto que se presente no límite da presente norma poderá ser revisado polo conxunto de profesorado do Prácticum para o curso en vigor, debendo adoptar unha resolución por unanimidade e a condición de que o alumno/a demostrase a adquisición das competencias superando os requisitos de avaliación previstos para o Prácticum I.</p> <p>A avaliación das prácticas clínicas consiste na avaliación das competencias a adquirir polo alumno/a en o Prácticum I tendo en conta o carácter gradual de adquisición das mesmas segundo quedará recollido no ANEXO Á GUÍA DOCENTE DO PRÁCTICUM I.</p> <p>A cualificación das prácticas clínicas obtense do sumatorio das cualificacións parciais nos diferentes rotatorios en avaliación continua e dos exames prácticos ao final de cada rotatorio en función da seguinte distribución porcentual:</p> <ul style="list-style-type: none">? Rotatorio do Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía: 35% da cualificación final repartida ao 50% entre a avaliación continua e o exame práctico final? Rotatorio do Servizo de Biomecánica e Ortopodoloxía: 35% da cualificación final repartida ao 50% entre a avaliación continua e o exame práctico final? Rotatorio do Servizo de Dermatoloxía: 10% da cualificación final repartida no 75% da avaliación continua e un 25% para a resolución de caso clínico <p>Para superar a materia é requisito indispensable superar o 50% da cualificación da avaliación continua de cada un dos rotatorios e o 50% da cualificación de cada un dos exames prácticos.</p> <p>Na 2ª oportunidade só poderán optar a superar a materia aqueles alumnos/as que superando a avaliación continua non superasen o exame práctico, ou cando o sumatorio total das cualificacións non supere a nota mínima para superar o Prácticum I (5) debido á cualificación do Portafolio do alumno/a. Para ambos os supostos no calendario académico quedará fixada unha data para as novas probas de exame</p>
---------------------------	---	---



práctico e/ou nova entrega de actividades de portafolio.

80

As cualificacións parciais de todos os ítems que conforman a avaliación do Prácticum I puntuaranse na escala 0-10 para posteriormente obter o seu peso porcentual correspondente na cualificación final.



Portafolios do alumno	A48 A49 A51 B5 B6 B12 C3 C4 C5	<p>As actividades do Portafolio forman parte da cualificación final da materia de maneira sumativa á cualificación das prácticas clínicas. A súa realización é obrigatoria pero non existe unha puntuación mínima que condicione a superación do Prácticum I, establecéndose como requisito mínimo para superar a materia presentar o total das actividades propostas no tempo e a forma previstas para iso.</p> <p>A elaboración do vídeo tutorial computará un 75% do peso da calificación do portafolio, mentres a calificación do Seminario de actuacións en situacións de emerxencia e administración de medicamentos, computará un 25%.</p> <p>As actividades serán supervisadas e avaliadas polo titor/a que quede asignado a cada grupo, sendo cada titor/a responsable da cualificación e revisión da mesma.</p>	20
-----------------------	-----------------------------------	---	----

Observacións avaliación

Matrícula de Honra: A cualificación de Matrícula de honra (MH) será outorgada automaticamente a aqueles alumnos/as que obteñan un 10 na cualificación final. No caso de que exista maior número de alumnos/as que matrículas de honra poidan ser asignadas á materia, convocarase aos alumnos/as en disposición de obter devandita cualificación e realizarase unha probaba específica de características similares ás dos exames prácticos para determinar a súa asignación final. Nos casos nos que a cualificación final sexa superior a 9.0 poderase outorgar a cualificación de MH. Para iso o conxunto do profesorado con docencia no Prácticum I valorará a posibilidade de outorgar dita MH tendo en conta as aptitudes e actitudes do alumno/a a condición de que o sea otorgación non supoña superar a cota de MH establecida pola normativa vixente unha vez outorgadas as MH os alumnos/as que obteñan un 10 na cualificación final.

Repetición de Prácticum I: Non superar o requisito mínimo establecido para a cualificación da avaliación continua dalgún dos rotatorios, non superar ningún dos exames prácticos entre as 2 oportunidades, ou non alcanzar a cualificación final mínima de 5 no sumatorio de todos os ítems de avaliación previstos para o Prácticum I entre as dúas oportunidades da convocatoria, suporá a non superación da materia e a repetición íntegra das prácticas en segunda matrícula e posteriores.

Non presentado: A ausencia a máis do 30% das prácticas ou a algún dos exames prácticos suporá automaticamente unha cualificación de Non Presentado

Alumnado de mobilidade (Erasmus , SICUE, Bilateral): A cualificación do alumnado de mobilidade realizarase só pola avaliación continua nos rotatorios. No caso de suspenso na mesma, poderán superar a materia superando as probas prácticas do rotatorio suspenso.

Mentores ERASMUS e Bilateral: Ao comezo da materia proporase a todo o alumnado a posibilidade de, voluntariamente, participar como mentores/as do alumnado. De se presentar máis voluntarios/as dos necesarios, farase una selección pola nota do expediente académico, tendo en conta, de ser o caso, a certificación oficial de coñecemento do idioma do alumnado de mobilidade (segundo o nivel del coñecemento do idioma engadirase a nota do expediente de 0,5 a 3 puntos). A participación como mentor sumará ata 0,5 puntos á cualificación final da materia do alumnado mentor.

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<p>Tendo en conta que todos os contidos teórico-prácticos da titulación son relevantes para o exercicio profesional e, polo mesmo motivo, para as prácticas clínicas, as fontes de información básicas e recomendadas por todas e cada unha das materias conforman as fontes de información para consulta e estudo durante a realización das prácticas clínicas comprendidas no Prácticum.No entanto, existen determinadas fontes documentais de gran utilidade para a súa consulta durante a práctica clínica do día a día e que concretará o profesorado que supervise as prácticas clínicas dos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía.Un exemplo destas fontes documentais de uso cotián: Buckup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007 Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 6ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2017 Dockery GL. Cutaneous Disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997 Muñoz Calvo B et al, comité editorial. Cliniguía, actualización de diagnóstico y terapéutica. 4ª ed. España: Eviescience; 2009 Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la Evidencia. 3ª ed. Madrid: Elsevier; 2006 Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 2ª ed. Barcelona: Masson; 2006 Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 23ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2018 López, D; Ramos, J ; Alonso, F; García, R. (2012) Manual de Podología. Conceptos, Organización psicológica y Práctica Clínica. Madrid: CERSA Turner WA, Merriman LM (2007) Habilidades Clínicas para el tratamiento del pie. Madrid: Elsevier</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana xeral/750G02001
 Anatomía específica do membro inferior/750G02002
 Fisioloxía xeral/750G02003
 Fisioloxía de sistemas/750G02004
 Bioloxía/750G02005
 Psicoloxía/750G02006
 Microbioloxía e parasitoloxía/750G02007
 Patoloxía xeral/750G02008
 Farmacoloxía/750G02009
 Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saude/750G02010
 Método científico e Saude Pública/750G02011
 Podoloxía xeral/750G02012
 Biomecánica do membro inferior/750G02013
 Radiodiagnóstico e Radioprotección/750G02014
 Podoloxía Preventiva/750G02015
 Ortopodoloxía 1/750G02017
 Ortopodoloxía 2/750G02018
 Ortopodoloxía 3/750G02019
 Patoloxía Podolóxica 1/750G02021
 Patoloxía Podolóxica 2/750G02022
 Dermatoloxía/750G02026
 Quiropodoloxía 1/750G02027
 Quiropodoloxía 2/750G02028
 Cirurxía Podolóxica 1/750G02029
 Técnicas e procedementos en prevención da infección/750G02032

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Ortesiología dixital e calzadoterapia/750G02020

Podoloxía Física/750G02023

Cirurgía Podolóxica 2/750G02030

Materias que continúan o temario

Prácticum 2/750G02034

Prácticum 3/750G02035

Observacións

Lémbrese que para poder realizar o Practicum I o alumno/a debe de superar 90 créditos ECTS da titulación entre os cales deben de estar obrigatoriamente os das seguintes materias claves: Podoloxía Xeral, Biomecánica, Ortopodología I, Ortopodología II, Quiropodología I e Quiropodología II. O Practicum I é materia chave á súa vez para o Practicum II e Parcticum III

Todos os asuntos relacionados coa organización e planificación da materia deben de ser remitidos ao correo do profesor coordinador da materia falonso@udc.gal

Recomendacións

Sostenibilidade Medio Ambiente, Persoa e Igualdade de Xénero

Os traballos documentais do portafolio solicitaranse en formato informático

Toda a información da organización do Prácticum I estará disponible en Moodle en formato PDF para ser descargada ou consultada en liña sen necesidade de realizar a impresión de esta. No caso de ter que imprimila recoméndase:

- Impresións a dobre cara
- Empregar papel reciclado
- Como parte dos valores do Practicum I traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, así como facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria
- É recomendable facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural (por exemplo, evitar mercar botellas de auga de plástico ou empregar unha para encher de auga da fonte da clínica universitaria)

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías